

PRIMEIRA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE ARQUITECTO/A INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE BRIÓN 2022.

Preguntas:

1. En que título da Constitución Española se regula: A Organización Territorial do Estado?

- a) **O título VIII.**
- b) O título VI.
- c) O título IX.

2. Que artigo da Constitución garante a autonomía dos municipios?

- a) O artigo 142.
- b) O artigo 143.
- c) **O artigo 140.**

3. Os tenentes de alcalde son nomeados polo alcalde:

- a) **De entre os membros Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.**
- b) De forma proporcional ao resultado das eleccións.
- c) En proporción ao número de grupos que compoñen o goberno.

4. O Pleno das corporacións locais celebra sesión ordinaria como mínimo?

- a) Cada mes en todos os concellos e Deputacións.
- b) Cada tres meses, agás as Deputacións.
- c) **Cada mes nos concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Deputacións Provinciais.**

5. Cando celebra o Pleno sesión extraordinaria?.

- a) Cando o decida o alcalde.
- b) Cando o solicite a oposición.
- c) **Cando o decida o alcalde ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación.**

6. Pode declararse a excedencia voluntaria por interese particular dun funcionario público ao que se lle instrúa expediente disciplinario?.

- a) Si.
- b) **Non.**
- c) Si, pero só nos casos previstos na lei.

7. O exercicio orzamentario coincide co ano natural e ao mesmo se imputarán:

- a) **Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven, e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.**
- b) Os dereitos liquidados no exercicio, e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.
- c) As obrigas liquidadas no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven, e os dereitos liquidados no exercicio.

8. Cando deben as entidades locais confeccionar a liquidación do orzamento?

- a) Antes do día 30 de marzo do exercicio seguinte.
- b) Antes do día 15 de marzo do exercicio seguinte.
- c) **Antes do día 1 de marzo do exercicio seguinte.**

9. Que membros dunha Corporación Local poden percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte?

- a) **Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial.**
- b) Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva.
- c) Só os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial.

10. Cal dos seguintes impostos é de establecemento potestativo para os concellos?

- a) O imposto sobre actividades económicas.
- b) O imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- c) **O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

11. Nun procedemento de revisión de oficio dun acto administrativo, que se iniciara de oficio pola Administración, cando se produce a caducidade do mesmo?

- a) Polo transcurso do prazo de tres meses previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Polo transcurso do prazo de un ano previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- c) **Polo transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen que se ditara resolución.**

12. Contra a aprobación definitiva dunha ordenanza municipal, que recurso pode interpoñerse?

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de alzada.
- c) **Non cabe recurso en vía administrativa.**

13. A tramitación de urxencia nun procedemento produce:

- a) **A redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.**
- b) A redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes.
- c) A redución á metade dos prazos establecidos.

14. A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto administrativo?

- a) En casos urxentes.
- b) En todos os casos.
- c) **Cando así o impoña a natureza do termo ou prazo.**

15. Segundo o artigo 9.2. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poden ser obxecto de delegación as competencias relativas a:

- a) **Á adopción de disposicións de carácter xeral.**
- b) Ás materias en que así se determine por un regulamento.
- c) Ás materias de natureza tributaria.

16. Que quórum se esixe para a aprobación dunha ordenanza fiscal municipal?

- a) Maioría absoluta.
- b) Maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
- c) **Maioría simple.**

17. Segundo o artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade. Con todo, a alteración prodúcese automaticamente nos seguintes supostos:

- a) **Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos, e pola adscrición de bens patrimoniais por máis de vinte e cinco anos a un uso ou servizo públicos.**
- b) Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana, e pola adscrición de bens patrimoniais por máis de cincuenta anos a un uso ou servizo públicos.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

18. A desviación de poder pode dar lugar a que un acto sexa declarado?

- a) Nulo de pleno dereito.
- b) **Anulable.**
- c) Constitutivo de delito ou falta.

19. Nos concellos con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais dos servizos que deben prestar os concellos en todo caso, deberán prestarse os seguintes:

- a) **Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.**
- b) Parque público, biblioteca pública, mercado, tratamento de residuos e protección civil.
- c) Parque público, biblioteca pública, tratamento de residuos, protección civil e prevención e extinción de incendios.

20. Os membros das corporacións locais que non teñan dedicación exclusiva en dita condición, terán garantida, durante o período do seu mandato?

- a) A permanencia no centro de traballo público no que estiveran a prestar servizos no momento da elección.
- b) A permanencia no centro de traballo privado no que estiveran a prestar servizos no momento da elección.
- c) **A permanencia no centro ou centros de traballo públicos ou privados no que estiveran a prestar servizos no momento da elección, sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a outras prazas vacantes en distintos lugares.**

21. En materia de convalidación de actos administrativos, se o vicio consistise na falta dalgunha autorización:

- a) Non pode convalidarse o acto.
- b) Hai que declaralo lesivo e despois impugnaloo na vía contencioso administrativa para retrotraer os efectos do acto.
- c) Poderá ser convalidado o acto mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.**

22. Contra a resolución dun recurso de alzada cabe algún recurso en vía administrativa?

- a) Non.
- b) Si, o recurso extraordinario de revisión en determinados casos.**
- c) Si, o recurso potestativo de reposición.

23. Que quórum se esixe para a aprobación do orzamento municipal?

- a) Maioría simple.**
- b) Maioría absoluta.
- c) Maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

24. Cando as normas que regulan un procedemento non establecen o prazo máximo para resolver, este será de:

- a) Catro meses.
- b) Seis meses.
- c) Tres meses.**

25. Segundo o artigo 24 da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cal é o prazo máximo que ten o Consello de Transparencia e Bo Goberno, para resolver e notificar a resolución dunha reclamación?

- a) Un mes.
- b) Tres meses.**
- c) Quince días.

26. Segundo o artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, é un deber dos propietarios do solo urbano consolidado cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente:

- a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao Concello o solo destinado ao sistema local de espazos libres, zonas verdes e equipamentos.
- b) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento.
- c) Ceder gratuitamente ao Concello os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento.**

27. Segundo o artigo 17 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o solo urbano non consolidado integrarase, en todo caso, polos terreos que reúnan algunha das seguintes condicións:

- a) Terreos nos que non sexan necesarios procesos de urbanización.
- b) Terreos nos que se desenvolven actuacións de dotación.**
- c) Terreos nos que non sexan necesarios procesos de reforma interior.

28. Segundo o artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a delimitación do núcleo rural común realizarase en función:

- a) **Das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo.**
- b) Da cercanía das edificacións.
- c) Do grado de consolidación pola edificación, que debe ser de, polo menos, do 50 %.

29. Segundo o artigo 53 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais de ordenación municipal conterán en solo urbano consolidado a seguinte determinación:

- a) Delimitación do ámbito do plan especial de reforma interior.
- b) Establecemento de prazos para a edificación. Noutro caso, este prazo será de dous anos.
- c) **Establecemento de prazos para a edificación. Noutro caso, este prazo será de tres anos.**

30. Segundo o artigo 56 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais de ordenación municipal conterán, en solo urbanizable, a seguinte determinación:

- a) Delimitación do ámbito do plan especial.
- b) **Delimitación de sectores para o seu desenvolvemento mediante plans parciais.**
- c) Fixación da contía das reservas mínimas de solo de sistemas locais que haberá de contemplar o plan especial.

31. O artigo 151 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo á inspección urbanística, establece que (identifica a resposta correcta):

- a) **A inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo realizan coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico.**
- b) O persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, non terá consideración de axente da autoridade, consideración que unicamente poden ostentar os corpos e forzas de seguridade do Estado.
- c) O persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, terá consideración de axente da autoridade, excepto cando actúen conxuntamente cos corpos e forzas de seguridade do Estado.

32. Segundo o artigo 152 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, instruído o expediente de reposición da legalidade urbanística e previa audiencia do interesado, se adoptará algún dos seguintes acordos (identifica a afirmación incorrecta)

- a) Se as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a costa do interesado.
- b) **Se as obras ou os usos puideran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de seis meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente.**
- c) Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que se teñan que realizar o xustifique.

33. Segundo o artigo 8 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, son órganos da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia urbanística:

- a) **O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo e a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.**
- b) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia.
- c) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo, a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

34. Segundo o artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os instrumentos de plan urbanístico, con todos os seus documentos, serán públicos:

- a) **Tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, podendo consualos calquera persoa, en todo momento, no concello.**
- b) Unha vez sexan aprobados, podendo consualos calquera persoa, no concello.
- c) Unha vez sexa publicada a súa aprobación, podendo consualos calquera persoa, no concello.

35. O artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo á adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, indica que as construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán disonar con el.
- b) **A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.**
- c) As construcións haberán de presentar polo menos os seus paramentos interiores terminados.

36. Segundo o establecido no artigo 65.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- a) Os plans parciais, os plans especiais e os estudos de detalle, poderán reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10 % do ámbito delimitado polo plan xeral, non podendo o reaxuste afectar á clasificación urbanística do solo.
- b) O planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 15 % do ámbito delimitado polo plan xeral, non podendo o reaxuste afectar á clasificación urbanística do solo.
- c) **O planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10 % do ámbito delimitado polo plan xeral, mesmo cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do solo.**

37. Segundo o establecido no artigo 65.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans parciais e os plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo plan xeral de ordenación municipal, sempre:

- a) Que non afecten nin alteren as determinacións do plan xeral, excepto as sinaladas nos artigos 52.1, 54.2, 55.2 e 56.1 da presente lei.
- b) **Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais que se establezan no plan xeral.**
- c) Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais en mais do 20% da prevista no plan xeral.

38. Segundo o establecido no artigo 69 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cal dos seguintes documentos non forman parte do contido dos plans parciais:

- a) Planos de información, incluído o catastral.
- b) Ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución.
- c) **Memoria de sustentabilidade económica.**

39. Segundo o establecido no artigo 192 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os estudos de detalle en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse cos seguintes obxectivos.

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, alterar o destino urbanístico do solo.
- b) **Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.**

c) Completar ou reaxustar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, ordenar os volumes edificables, incrementar o aproveitamento urbanístico.

40. Segundo o establecido no artigo 198 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo ó alcance dos catálogos:

- a) **No caso de contradición entre as determinacións do catálogo urbanístico e das do planeamento, prevalecerán as do catálogo.**
- b) Os catálogos non serán vinculantes para o planeamento, prevalecendo este en caso de contradición entre ámbolos dous documentos.
- c) Os catálogos serán vinculantes para o planeamento no referente aos bens, espazos ou elementos nel incluídos, prevalecendo en caso de contradición entre ámbolos dous documentos o planeamento.

41. Segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, non están suxeitos a licenza:

- a) **A primeira ocupación dos edificios.**
- b) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- c) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións cando teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio ou implantar un uso residencial.

42. Segundo o establecido no artigo 352 Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no caso de que polo interesado se soliciten licenzas simultáneas para un mesmo inmovible ou parte do mesmo:

- a) Cada unha das solicitudes iniciará un procedemento independente.
- b) Tramitaranse conxuntamente, pero o seu outorgamento ou denegación será obxecto de resolucións diferentes.
- c) **Tramitaranse conxuntamente, e a resolución que se adopte diferenciará cada licenza outorgada, conservando cada unha a súa propia natureza.**

43. De conformidade co establecido no artigo 150.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, será innecesaria o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) No suposto dunha parcelación ilegal que resulte inatacable por transcorrer o prazo máximo legal previsto para elo.
- b) **A execución de infraestruturas e dotacións públicas.**
- c) En casos de concentración parcelaria ou similares aprobados pola Administración coa finalidade de utilización e explotación agrícola, gandeira, forestal, cinexética ou análoga.

44. Segundo o artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no solo de núcleo rural as persoas propietarias non están obrigadas a executar a súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo:

- a) **No caso de parcelacións.**
- b) No caso de construción de novas edificacións.
- c) No caso de cambio de uso das edificacións existentes.

45. De conformidade co establecido no artigo 367 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en solo rústico poderá realizarse segregacións:

- a) **Coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente.**
- b) No caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións agrícolas cando teñan por obxecto a súa mellora.

c) Cando se trate de concentrar propiedades.

46. Conforme ao Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo cando o solo estivera en situación de rural, os terreos se valorarán mediante:

- a) **O determinado polo método de capitalización da renda anual real ou potencial da explotación.**
- b) O determinado polo método residual estático.
- c) O determinado polo método residual dinámico.

47. A efectos do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, non se entende por actuacións de transformación urbanística

- a) As actuacións de urbanización.
- b) As actuacións de dotación.
- c) **As de nova edificación e de substitución da edificación existente.**

48. Conforme á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público non se entenderá por obra:

- a) O resultado dun conxunto de traballos de construción o de enxeñeira civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica o técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.
- b) A realización de traballos que modifiquen a forma ou sustancia do terreo ou de seu voo, ou de mellora do medio físico o natural.
- c) **A restauración e reparación de construcións existentes, así como a conservación e mantemento dos elementos construídos.**

49. Conforme ao Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana cando non teña lugar a subrogación real, o acordo aprobatorio da distribución de beneficios e cargas producirá a extinción dos dereitos reais e cargas constituídos sobre a leira achegada,

- a) Consideraranse gastos de urbanización no instrumento de distribución de beneficios e cargas correspondente.
- b) Sempre se producirá a subrogación real.
- c) **A súa extinción correrá a cargo do propietario que achegou a indemnización correspondente.**

50. Conforme á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público non está dentro dos contratos do sector público

- a) Contrato de concesión de obras.
- b) Contrato de concesión de servizos.
- c) **Contrato de concesión de subministro.**

51. De conformidade co CTE, se pretendemos cambiar o uso característico dun edificio existente, sen que sexa necesaria a realización de obras:

- a) Comprobarase o cumprimento dos requisitos básicos do CTE.
- b) **Comprobarase o cumprimento das esixencias básicas do CTE.**
- c) Non é de aplicación o CTE, xa que non se realizan obras.

52. O contido mínimo dun proxecto básico ven recollido en:

- a) **No anexo I da parte I do CTE, sen prexuízo da documentación complementaria que poidan determinar outras normas.**
- b) No artigo 143 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, sen prexuízo da documentación complementaria que poidan determinar outras normas.

c) Determinarase en cada caso polo plan, en aplicación do artigo 353 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

53. De acordo coa parte I do CTE, a seguridade fronte ao risco causado por iluminación inadecuada é unha esixencia básica de:

- a) Salubridade.
- b) Seguridade estrutural.
- c) Seguridade de utilización.**

54. Segundo o regulamento de accesibilidade de Galicia, toda rampla disporá de:

- a) Varanda a ambos os dous lados.
- b) Protección entre 5 e 10 cm nos lados libres.
- c) Todas as anteriores son certas.**

55. Segundo o regulamento de accesibilidade de Galicia, os pasamáns:

- a) Dispoñeranse a non menos de 4 cm de todo paramento.**
- b) Prolongaranse horizontalmente fóra dos tramos entre 10 e 15 cm.
- c) Terán unha altura entre 65 e 70 cm.

56. Segundo o regulamento de accesibilidade de Galicia, os espazos cualificados como adaptados:

- a) Deben permitir o acceso das persoas con limitacións.
- b) Deben permitir o acceso cómodo das persoas con mobilidade reducida ou outro tipo de limitación.**
- c) Deben permitir o acceso cómodo das persoas con mobilidade reducida.

57. Segundo o art. 4. Espazos situados a nivel, do Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, sobre condicións básicas de accesibilidade, ao longo de todo o percorrido horizontal accesible nos edificios quedarán garantidos os requisitos seguintes:

- a) A adecuación dos pavimentos para limitar o risco de esvaramento e para facilitar o desprazamento ás persoas con problemas de mobilidade.
- b) A comunicación visual de determinados espazos, segundo o seu uso, atendendo ás necesidades das persoas con discapacidade auditiva.
- c) Todas as anteriores son certas.**

58. Segundo o art. 2 do Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, enténdese por certificación de eficiencia enerxética de proxecto:

- a) O proceso polo que se valora a cualificación da eficiencia enerxética de edificios de nova construción ou, no seu caso, de reformas e ampliacións realizadas en edificios existentes, a partir das características especificadas no proxecto e que conduce á expedición do certificado de eficiencia enerxética de proxecto.**
- b) O proceso polo que se valora a cualificación de eficiencia enerxética obtida cos datos calculados ou medidos do edificio existente ou de parte do mesmo, e que conduce á expedición do certificado de eficiencia enerxética do edificio existente.
- c) Todas as anteriores son certas.

59. Segundo o art. 45 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, as vivendas protexidas se clasifican en:

- a) Vivendas de promoción pública (VPP).
- b) Vivendas de protección autonómica (VPA).
- c) As dúas anteriores son correctas.**

60. Segundo o art. 62 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, as vivendas protexidas non poderán superar:

- a) 90 m² de superficie útil.
- b) 120 m² de superficie útil.**
- c) 120 m² de superficie construída.

61. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, resulta de aplicación, segundo o seu art. 4:

- a) Ás áreas naturais, rurais, urbanas e periurbanas do territorio de Galicia.
- b) Ás áreas de elevado valor ambiental e cultural, e mesmo as paisaxes degradadas.
- c) As dúas anteriores son correctas.**

62. Segundo o art. 3.a do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, este non resulta de aplicación a:

- a) Ás terras e pedras non contaminadas por substancias perigosas reutilizadas na mesma obra, nunha obra distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo, a condición de que poida acreditarse de forma fidedigna o seu destino a reutilización.
- b) Os residuos de industrias extractivas regulados pola Directiva 2006/21/CE, do 15 de marzo.
- c) As dúas anteriores son correctas.**

63. Segundo o art. 2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, están suxeitos á dita lei:

- a) Os emisores acústicos de titularidade privada.
- b) As edificacións na súa calidade de receptores acústicos.**
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

64. Segundo o art. 4 da Lei de estradas de Galicia, as estradas clasifícanse en:

- a) Autoestradas, autovías, estradas para automóviles e estradas convencionais.**
- b) Rede primaria, secundaria e complementaria.
- c) Rede primaria e secundaria.

65. Segundo o art. 41 da Lei de estradas de Galicia, a liña límite da edificación dunha autovía estará situada a:

- a) 50 metros da liña exterior de delimitación da calzada.**
- b) 50 metros do bordo exterior da calzada.
- c) 30 metros do bordo exterior da calzada.

66. Segundo o art. 41 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, os niveis de protección dos bens clasifícanse en:

- a) Protección integral e non integral.
- b) Protección integral, estrutural e ambiental.**
- c) Protección integral e estrutural.

67. Segundo o art. 92 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, son bens de interese cultural:

- a) Os hórreos anteriores a 1901.**
- b) Todos os cruceiros e petos de ánimas.
- c) Todos os anteriores.

68. Segundo o art. 9 do Decreto 144/2016, están sometidas ao réxime de comunicación previa:

- a) A instalación/implantación/exercicio de actividades profesionais.
- b) A instalación/implantación/exercicio de actividades comerciais.
- c) Todas as anteriores.**

69. Segundo o art. 24 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa coa seguinte documentación, entre outros:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- c) As dúas anteriores son correctas.**

70. Segundo a redacción do art. 11 do Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia, as persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer:

- a) Con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe acústico, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.**
- b) No momento de outorgar a licenza de primeira utilización/ocupación, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

71. Segundo o art. 9 do Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia, os concellos de Galicia deberán contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal no prazo máximo de:

- a) Un ano dende a entrada en vigor deste decreto.**
- b) Seis meses dende a entrada en vigor deste decreto.
- c) Tres meses dende a entrada en vigor deste decreto.

72. Segundo o art. 4 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, quedan excluídas da superficie útil as zonas nas que a altura libre de construción non acade:

- a) 1,50 metros.
- b) 1,60 metros.
- c) 1,80 metros.**

73. Segundo o art. 98 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, no ámbito das vivendas protexidas de promoción pública, e sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, procedan, serán causas de expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade as seguintes:

- a) Non destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente ou mantela deshabitada sen xusta causa xustificada durante un prazo superior a seis meses.
- b) Utilizar, as persoas adquirentes destas vivendas, outra vivenda construída con financiamento público, excepto nos supostos permitidos normativamente.
- c) Todas as anteriores son correctas.**

74. Segundo o art. 100 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, a expropiación forzosa por incumprimento da obriga de rehabilitación requirirá:

- a) A Lei non contempla este suposto expropiatorio.
- b) A previa declaración de inhabilitade do inmovible afectado, o incumprimento da correspondente orde de execución e a notificación da intimación de expropiación forzosa.**
- c) As dúas anteriores son falsas.

75. Conforme ao artigo 59 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia non serán condicións xerais das edificacións para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística no solo rústico

- a) Garantir o acceso rodado público adecuado á implantación.
- b) Garantir o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais.**
- c) Garantir o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos.

76. En base ao apartado 3.1. do vixente PXOM de Brión, defínese a liña de edificación como:

- a) Aquela liña que a futura edificación non pode exceder, agás cos voadizos cando estes se permitan.**
- b) A liña límite da parcela que a separa dos espazos libres públicos e adquire o carácter de oficial coa aprobación definitiva do PXOM ou dos documentos que o desenvolvan.
- c) A liña límite que define a altura máxima dunha edificación, medidos sobre o punto medio da rasante natural de cada fachada.

77. Sinale a resposta correcta respecto á definición do recuado que establece o PXOM de Brión:

- a) É o ancho da faixa de terreo comprendido entre o aliñamento oficial e a liña de edificación exterior, cando estas non coinciden.**
- b) É o ancho da faixa de terreo comprendido entre a aresta exterior da calzada e a liña de edificación, cando estas non coincidisen.
- c) É o ancho da faixa de terreo comprendido entre a aresta exterior da calzada e a liña de edificación, en todo caso.

78. En base ao apartado 3.1. do vixente PXOM de Brión, defínense as rasantes oficiais do seguinte modo:

- a) É o perfil lonxitudinal dunha vía de comunicación.
- b) Son as definidas no presente PXOM a partir dos puntos altimétricos nelas establecidos ou as fixadas nos documentos que as desenvolvan. Para o viario existente, de non térense reflectido eses puntos, entenderase como oficiais as xa existentes.**
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

79. En base ao apartado 3.2.1.3 do vixente PXOM de Brión, a altura máxima da cuberta será, agás que se diga outra cosa nas ordenanzas específicas, de:

- a) 5,20 m, medida entre a cara superior do último forxado e a liña de cumio.**
- b) 4 m, medida entre a cara superior do último forxado e a liña de cumio.
- c) 4,20 m, medida entre a cara superior do último forxado e a liña de cumio.

80. O PXOM de Brión dentro do título normativo, normas de edificación, apartado 3.2, concretamente no apartado que se refire a balcóns, cornixas e beirados establece que a dimensión máxima do seu saínte virá determinado polo ancho da rúa medido do seguinte xeito:

- a) Os voos abertos en calquera caso non sobrepasarán o 10% do ancho da rúa.
- b) Os voos abertos en calquera caso non sobrepasarán o 10% do ancho da rúa, cun máximo de 0,80 mts.**
- c) Os voos abertos en calquera caso non sobrepasarán o 10% do ancho da rúa, cun máximo de 1 m.

81. Establece o PXOM de Brión respecto aos chafláns, que nos soares ou parcelas en esquina a liña de edificación exterior deixará libre o espazo suplementario definido en cada esquina polos aliñamentos do viario e a que as une nos puntos de tanxencia dunha circunferencia de radio:

- a) **Tres metros e medio.**
- b) Dous metros e medio.
- c) Tres metros.

82. En base ao artigo 3.3.4 do vixente PXOM de Brión, dentro da regulación do uso comercial, os locais comerciais situados no primeiro soto, semisoto e planta baixa correspóndelle a categoría:

- a) Primeira.
- b) **Segunda.**
- c) Terceira.

83. En base ao artigo 3.3.4 do vixente PXOM de Brión, cal é a superficie construída máxima de uso comercial / categoría 1ª, permitida en solo de núcleo rural consolidado pola edificación.

- a) **100m².**
- b) 300m².
- c) 200m².

84. O artigo 3.3.6 do PXOM de Brión, dentro do título normativo de usos, fai referencia ao uso hoteleiro e establece unha serie de categorías en función da capacidade (número de prazas) e superficie (m²), dispón que na categoría segunda encádranse os establecementos:

- a) **Cunha superficie igual o inferior a 1.500m² e menor o igual a 30 prazas.**
- b) Establecementos adicados a turismo rural.
- c) Cunha superficie maior de 1.500m² ou cunha capacidade superior a 25 prazas.

85. O artigo 3.6 do PXOM de Brión referente a normativa de sistemas xerais establece que cando a liña de edificación no veña fixada nos planos de ordenación e ou nas ordenanzas específicas, fixase en tódolos casos, para as vías de sistemas locais (tipos IV,VI e VII):

- a) A 6 metros da aresta exterior da explanación.
- b) **A 7 metros da aresta exterior da explanación.**
- c) A 8 metros da aresta exterior da explanación.

86. En base ao vixente PXOM de Brión, cantas ordenanzas regulan o solo urbano consolidado no termo municipal?

- a) Cinco.
- b) Dúas.
- c) **Tres.**

87. En base ao vixente PXOM de Brión, que ordenanza de solo urbano permite unha altura de edificación de catro plantas (PB+3PPAA+BC), cunha altura máxima de 13,5 metros.

- a) **Ordenanza nº4, UNC1.**
- b) Ordenanza nº5, UNC2.
- c) Ordenanza nº1, UC1.

88. A ordenanza de solo urbano adscrito a viais principais (UC1), con respecto as edificacións complementarias construíbles, limita a súa superficie total máxima construíble, non podendo superar:

- a) **100 m².**

- b) 75 m²
- c) 150m².

89. En base ao vixente PXOM de Brión, indicar a parcela mínima e a edificabilidade máxima dunha parcela clasificada como: “resto do solo urbano consolidado”: Ordenanza nº 2: UC2.

- a) 300m² e 1,20 m²/m².
- b) 300m² e 1,25 m²/m².
- c) 300m² e 0,5m²/m².

90. En base ao vixente PXOM de Brión, na ordenanza nº 2, o volume edificado:

- a) Situarase no aliñamento exterior.
- b) Permítese, pero non é obrigado, un retranqueo máximo de 8 metros sobre o aliñamento exterior.
- c) **Obrigase a un retranqueo mínimo de 3 metros e un máximo de 12 metros sobre o aliñamento exterior.**

91. Dentro da ordenanza nº6 do PXOM, equipamentos locais, establécese unha limitación relativa á altura para as construcións e instalacións para os usos compatibles neste ámbito.

- a) A altura máxima será de 10 metros, que so se poderá sobrepassar con chemineas, lucernarios e elementos decorativos.
- b) A altura máxima será de 10 metros.
- c) **A altura máxima será de 8 metros, que só se poderá sobrepassar con elementos de carácter ornamental no caso de edificios singulares.**

92. Dentro do título III do PXOM (Ordenanzas de carácter xeral), e concretamente no seu apartado 3.10.1: “Ordenanza reguladora da protección do Patrimonio Arqueolóxico de Brión”, deberán de indicar en que parroquia se empraza o ben identificado como “Castro de Altamira”?:

- a) **Brión.**
- b) Os Ánxeles.
- c) Bastavales.

93. En base ao vixente PXOM de Brión, e en relación ao parámetro: “situación da edificación”, qué condición de implantación ten que cumprir a edificación exenta en solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona leste (NRL-1).

- a) **Poderá situarse libremente dentro da parcela, sempre que se localice a fachada principal dentro da franxa dos primeiros 15 metros medidos dende a aliñación.**
- b) Poderá situarse libremente dentro da parcela, sempre que se localice a fachada principal dentro da franxa dos primeiros 8 metros medidos dende a aliñación.
- c) Ningunha das dúas respostas anteriores son correctas.

94. Segundo o PXOM de Brión que uso/categoría é compatible en solo de núcleo rural en áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2)?

- a) **Garaxe-aparcamento categoría 1º,2º,3º e 5º.**
- b) Garaxe aparcamento categoría 1º e 2º.
- c) Garaxe aparcamento categoría 1º e 3º.

95. No PXOM de Brión no solo de núcleo rural da zona leste, e nas áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), para as estradas e pistas de comunicación entre núcleos, fíxase o seguinte retranqueo mínimo para a edificación a partir do eixo das vías.

- a) **A 8 metros.**
- b) A 5,50 metros.
- c) A 10 metros.

96. Segundo o PXOM de Brión a superficie máxima edificable para uso residencial, en solo de núcleo rural da zona leste, en áreas non consolidadas pola edificación é de:

- a) 350 m², incluíndo as edificacións complementarias.
- b) **300 m², sen incluír as edificacións complementarias.**
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

97. O PXOM de Brión, para a ordenanza de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación na zona oeste, NRO-1, contempla unha edificabilidade máxima de:

- a) 0,33 m²/m².
- b) **0,40 m²/m².**
- c) 0,50 m²/m².

98. En base ao vixente PXOM de Brión a pendente mínima dunha cuberta inclinada en solo de núcleo rural é de:

- a) 25,62°.
- b) **26,56°.**
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

99. Cantos núcleos rurais abarca a parroquia de San Salvador de Bastavales?

- a) Nove.
- b) Un.
- c) **Dous.**

100. Dentro da normativa de solo urbano non consolidado do PXOM de Brión, delimitáanse unha serie de áreas de reparto e asignándolle este unha ficha individualizada por cadansúa. Cantas áreas de reparto se establecen aquí?

- a) **13.**
- b) 15.
- c) 22.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. Segundo o Estatuto Básico do Empregado Público en materia de réxime disciplinario, as infraccións moi graves prescribirán?

- a) **Aos tres anos.**
- b) Aos dous anos.
- c) Aos catro anos.

2. Segundo o artigo 32.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a organización provincial responde ás seguintes regras:

- a) **O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións.**
- b) O Presidente, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións.
- c) Ningunha das repostas anteriores é correcta.

3. A competencia do alcalde para ditar bandos, ¿pode delegarse?

- a) Si.
- b) **Non.**

c) Si, nos casos previstos legalmente.

4. Dentro do título III do PXOM (Ordenanzas de carácter xeral), e concretamente no seu apartado 3.10.1: “Ordenanza reguladora da protección do Patrimonio Arqueolóxico de Brión”, deberán de indicar en que parroquia se empra o ben identificado como “Castro Lupario?”

- a) Brión.
- b) Ons.
- c) **Bastavales.**

5. De acordo coa Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e concretamente no anexo: “Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental”, sinala cal das actividades que se describen a continuación estaría sometida ao trámite que regula o artigo 34 desta lei.

a) Instalación para o serrado ou transformación da madeira cunha superficie útil superior a 1500 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 200 KW.

b) Instalación para o serrado ou transformación da madeira cunha superficie útil superior a 1000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 KW.

c) Instalación para o serrado ou transformación da madeira cunha superficie útil superior a 1000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 200 KW.